


*Saudarte*   
*en rede*



### **Os museos somos sanadores,**


porque non hai mellor terapia que o cariño e diso temos a fartar. En tempos nos que se pechan portas, queremos facer a nosa casa máis grande para que collamos todxs e achegarnos a quen máis o precise. Non é o que facemos, é o que somos: somos comunidade e coidámonos.



# Queremos?

“Saudarte en Rede” é un programa artellado desde o corazón mesmo da Rede Museística Provincial en colaboración coa Área Sanitaria de **Lugo**.

É a nosa aperta para os nenos e nenas hospitalizados na provincia de Lugo, para as súas familias e para xs profesionais sanitarios que xs atenden.



# Que queremos?

O obxectivo deste proxecto é humanizar a estancia hospitalaria dos pacientes pediátricos a través da experiencia cultural nos museos da Rede Museística Provincial. Trátase de coñecer xogando, ó mesmo tempo que se restablecen.



# Como o imos a conseguir?

A través do **Whatsapp** ofreceremos unha programación de actividades, que poñen a atención nas necesidades e na atención individualizada de cada nenx e das súas familias. Están deseñadas nun formato sinxelo, lixeiro e flexible, para desenvolver en pouco tempo e espazadas ó longo da semana para facilitar o seu descanso. Sempre haberá alguén do outro lado do whatsapp para apoiar e resolver calquera cousa que poideran precisar.



**XOGA CON NÓS!**

# *Catro en Rede*

Un xogo pensado para que xs nenxs poidan saír do seu “confinamento” hospitalario e viaxar polos catro museos da Rede Museística Provincial, a través de xogos e probas cargados de diversión.

**CONTIDO:**

Un trasno rabudo entrou na Rede e está intentando que nos esquezamos uns museos de outros para rachar a forza que nos une. Pero non o conseguirá, porque sabemos cal é o antídoto para salvar a nosa amizade. Vosoutrxs seredes o noso poder segredo! Coa vosa imaxinación e creatividade axudarédesnos a darlles vida ás historias e fantásticos tesouros que gardamos nos catro museos da Rede.

**DESENVOLVEMENTO:**

A través do Whatsapp, 2 días á semana propoñerémosvos unha serie de xogos e actividades que terán que ver cos contidos, coleccións e profesionais dos catro museos da Rede, ata completar o percorrido por todos eles (1 percorrido completo por toda a Rede levaríanos 2 semanas).

Serán probas sinxelas que nos permitirán viaxar dun museo a outro para reforzar os lazos da Rede e mellorar a ledicia de visitar e coñecer os nosos/vosos museos. Por cada reto superado, mandaremos emoticonos cada vez máis felices ata completar a escala de satisfacción absoluta.





**XOGA CON NÓS!**

# *Scape room pola Rede*

Podedes aprender xogando e paseando polos nosos museos a través das visitas inmersivas. Nelas están deseñadas sete scape room, nas que diferentes personaxes nos conducen por unha serie de probas e aventuras para completar o percorrido temático elexido.

## **Tedes para escoller!**

- 1** "Lugo romano" **2** "Como nos vestimos ao longo da historia"
- 3** "Vexo, vexo... e descubro o meu entorno"
- 4** "ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sostible)" **5** "Igualdade" **6** "Crea o teu museo"
- 7** "A Idade Media na Rede Museística Provincial de Lugo"



# Queredes formar parte da nosa rede?

**MOI SINXELO!**

Soamente tedes que anotarvos chamando ó

**699 836 883**

ou enviádenos un correo a  
**comunidadermpl@gmail.com**  
indicando no asunto  
**“Saudarte en rede”**